

## *Poétic@*, na corda frouxa

Pasou máis dun ano desde publiquei *Poétic@* na web, unha forte aposta persoal, de literatura electrónica, tan novidosa como arriscada. Así que agradezo este oportuno convite que se me fai desde a AELG e *Sermos Galiza* para falar do libro. *Poétic@* é un libro de poesía electrónica e transmedia, de acceso libre ([www.poetica.gal](http://www.poetica.gal)) que foi concibido e escrito desde a curiosidade, a intuición e a experimentación. Conducíume ata ela o meu interese por investigar, innovar, e un certo gusto por escribir desde a corda frouxa, posición na que tamén, certo, sinto inseguridade.

Nunca un libro de poemas (*Poétic@* é, en definitiva, un libro de poemas) me roubou tantas horas, esforzo e dedicación. A cambio, agasalloume unha prolongada conxuntivite a causa do exceso de horas diante pantalla, transgredindo os lindes razoables do descanso. E deixoume a boa experiencia de traballar con Kris Darias, programadora imprescindible para resolver cuestións técnicas.

A recepción crítica de *Poétic@* apenas xerou debate literario, se ben a concesión do Premio ao Mellor Proxecto Literario na Rede que se lle outorgou hai un mes na Gala do Libro Galego reavivou a súa actualidade. E aínda que facer visible *Poétic@* resultoume bastante máis difícil do que contaba, recoñezo que xoga ao meu favor, fronte a outros creadores que se desenvolven exclusivamente no ámbito da literatura electrónica, o feito de ter ás miñas costas un aval de 25 anos de traxectoria literaria e, sobre todo, moitos títulos publicados en papel. Ora ben, en *strictus sensus*, chama a atención que *Poétic@* fose recibido unicamente con dúas recensións críticas e non atopase oco en ningún suplemento literario de revistas ou xornais. É dicir, que foi menos recensionado que a reedición do meu libro *Silencio* e moito menos que os meus recentes *Contos nerviosos*. Tamén é significativo que *Poétic@* non fose citado en case ningunha das panorámicas críticas que revisaron o pasado ano literario 2015. A miña proposta para presentalo no CulturGal, por primeira vez de forma física, a través dun recital multimedia tampouco foi aceptado pola organización.

Un ano despois, pregúntome, intrigado, como tería sido a recepción do libro se o publicase exclusivamente en papel. E digo isto porque entendo que este comportamento está estreitamente ligado ao que sucede coas publicacións que empregan soportes alternativos e ao lóxico desconcerto que provoca *Poétic@* con respecto ao tratamento que se lle debe outorgar.

Probablemente cabe dentro desta interpretación o feito de que só 36,65% das visitas a *Poétic@* procedan do Estado español e que un 15,79% procedan dos Estados Unidos, así como que o 61% das visitas pertencan a menores de 34 anos, o 15,50 % teñan entre 35 e 44 anos e a franxa de idade á que eu mesmo pertencen supoña unicamente o 12,50% das visitas.

Malia existiren traballos pioneiros anteriores, o certo é que a nosa literatura apenas dera pasos significativos neste sentido. A literatura electrónica aséntase e procede das literaturas anglófonas (as que teñen o poder de irradiar a cultura cara ao resto do mundo) e de sociedades tecnoloxicamente innovadoras. Nas linguas peninsulares, a súa existencia é tímida. E, con todo, intúo que a nosa concepción da literatura vai mudar no futuro próximo. A realidade é que a Internet das cousas comeza a acompañarnos na nosa vida diaria, os aparellos intelixentes modifican os nosos xeitos de ocio, a narración multimedia apoderouse das formas de contar actuais, a robótica e a biotecnoloxía teñen a forza dunha bola de neve e a intelixencia artificial cambiará, probablemente, a nosa relación co feito literario. Booktubers, redes sociais e plataformas de lectura nos teléfonos móbiles están xa a mudar radicalmente os hábitos de lectura dos nosos adolescentes. E se a sociedade está a transformarse tan vertixinosa, sen apenas darnos tempo a que nos decatemos, a literatura non vai saír indemne de todo isto.

FRAN ALONSO